

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Creceamento en harmonía	5º Inf.	8	280

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Nesta programación didáctica establécense os propósitos, decisións e acordos tomados polo equipo docente de Educación Infantil, para poder impartir con coherencia e interrelación esta área do Currículo..

Debido a que nesta etapa iníciase o proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe e para o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas tomaremos estas competencias como eixe sobre o que se apoia o proceso de ensinanza-aprendizaxe; Este carácter transversal favorece o enfoque globalizado nesta etapa.

Nesta área pretendemos promover as capacidades que lles permiten aos alumnos comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión, como medio para construír as súas identidades, representar a realidade e relacionarse cos demais.

Esta programación considérase como un elemento flexible e práctico que está suxeito a todas as modificacións que sexan necesarias a partires da súa posta en práctica e dos resultados obtidos no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta programación está dirixida a un grupo de 13 alumnos de 4 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1	1	1	1	1	1	1	1
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1		1	1	1	1	
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable	1	1	1	1	1	1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos	1	1	1	1	1	1	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Me gusta moverme	Importancia do corpo, contidos relacionados co coidado do mesmo	56	X		
2	Esta es mi casa	Traballará a casa como lugar onde se desenvolven, as dependencias e funcionalidade das mesmas.	54	X		
3	Las personas que cuidan mi barrio	Traballaranse os oficios e labores profesionais máis cercanas.	42		X	
4	Un paseo por mi calle	Traballaranse mediante a observación e exploración da rúa establecendo relacións entre os distintos elementos	42		X	
5	El huerto de mi colegio	Coñecemento do mundo das plantas, valoración e utilidade do mesmo para o ser humano.	44			X
6	conozco animales marinos	Coñecemento do mundo animal; respeto, preservación e aporte do mesmo .	42			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Me gusta moverme	56

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Mellora a súa autonomía persoal	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Imaxe corporal global, identificando as partes do corpo.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Manifesta os seus sentimentos	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adáptase a diferentes situacións.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos de hixiene corporal	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Acepta as normas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Adáptase ás rutinas da aula.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

UD	Título da UD	Duración
2	Esta es mi casa	54

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Identifica as partes do corpo	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Ten unha imaxe positiva de si mesmo	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Manifesta os seus sentimentos	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adáptase as rutinas da aula	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Diferencia accións saudables e non saudables.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Axuda en tarefas	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respeto as actividades cotiás	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

UD	Título da UD	Duración
3	Las personas que cuidan mi barrio	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Participa en xogos e actividades empregando as posibilidades do seu corpo	TI
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica diferentes profesións	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Ten iniciativa no xogo	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Elixo entre os oficios o que máis lle gusta	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Mostra respecto cos compañeiros.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relacionase cos compañeiros	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Respeto as normas de convivencia	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.

UD	Título da UD	Duración
4	Un paseo por mi calle	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa en xogos dirixidos	TI
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Mostra iniciativa nos xogos	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresa o gusto polo traballo ben feito	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Recoñece zonas de paso para os peóns	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Coida o material da aula	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Ten iniciativa en xogos evitando a discriminación.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Respeto aos compañeiros	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en celebracións	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.

Contidos
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	El huerto de mi colegio	44

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Valora positivamente ás persoas identificando semellanzas e diferenzas	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes obxectos nas tarefas cotiás	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Pide axuda cando o precisa	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Mostra interese polos xogos	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece alimentos dunha dieta saudable	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	É autónomo no seu traballo diario	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Axuda aos compañeiros	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Xoga con todos os compañeiros	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Avance e control progresivo da motricidade fina.

Contidos

- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
6	conozco animais marinos	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Valora positivamente as diferenzas entre persoa	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa adecuadamente diferentes obxectos nas tarefas cotiás	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Pide axuda cando o precisa	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Ten iniciativa nos xogos	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece a importancia de alimentarse de forma equilibrada para coidar a saúde	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Mostra respecto e coidado pola contorna	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	É tolerante cos compañeiros	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproduce accións a través do xogo simbólico	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Asentamentos e actividades da contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación elabórase tendo en conta o desenvolvemento humano e intelectual do alumnado, buscando a súa implicación para conseguir o desenvolvemento das súas habilidades para comprender e actuar na súa contorna, así como valores de non discriminación, actitudes de apertura e respecto hacia as diferenzas. Levando aos alumnos a que se inicien nunha andadura cara a ser cidadáns activos, responsables e comprometidos.

Para isto, teremos que ensinar aos alumnos a pensar e aprender por si mesmos dándolles ferramentas e estratexias para seren os protagonistas do seu aprendizaxe.

Esta orientado a favorecer a investigación, o pensamento crítico, a reflexión, e a motivación. Traballar de forma cooperativa para favorecer os valores do respecto e tolerancia, desenvolvendo as competencias clave, fomentar a comunicación e as habilidades sociais. Posibilita a flexibilidade e adaptabilidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe en función das necesidades da nosa aula. Traballar as novas tecnoloxías como elementos innovadores e motivadores, coñecer as diferentes realidades e fomentar as novas experiencias. Desenvolver a creatividade e a imaxinación, potenciar a autonomía persoal, favorecer o vínculo coas familias, traballar estratexias para resolver problemas.

Para levar a cabo todo isto haberá diferentes situacións de aprendizaxe, para lograr o desenvolvemento do alumnado de forma global atendendo as súas capacidades; aprendizaxe por descubrimento; que os alumnos experimenten, busquen información, etc., e sexan así os protagonistas dos seus descubrimentos; así partiremos dunha pregunta e unha situación que motivará aos nenos a respondela.; aprendizaxe cooperativo, que serán traballos en grupo para colaborar e cooperar con dinámicas e actividades que fomentan que o alumnado aprenda a compartir, colaborar e respetar aos seus compañeiros; aprendizaxe metacognitivo, no que buscamos que o alumno sexa consciente do que sabe e que aprenda a organizar os seus coñecementos, así non so nos centraremos nos aspectos conceptuais, senón tamén nas actitudes, procedementos e estratexias.

Organizaremos os espazos tendo en conta que temos que crear ambientes agradables e funcionais que se adapten a nosa metodoloxía e cos que os alumnos se identifiquen para favorecer a integración grupal e potenciar o desenvolvemento da autonomía; tanto nos hábitos diarios coma na realización das actividades diarias. Tendo en conta o mencionado o anteriormente, distribuiremos a aula en varios espazos para favorecer a flexibilidade, a diversidade e a elección da intervención educativa nas diferentes actividades. Así teremos a assemblea, onde se c o n s t i t ú e u n h a das rutinas máis importante nesta etapa, posto que axuda a conseguir os obxetivos e contidos, a traballar as rutinas e normas, averiguar os coñecementos previos e a posta en común entre outras, Traballos en grupo, para a toma de decisión, repartir funcións e facilitar a coordinación; traballo individual, que lle permite ao alumnado centrarse na súa actividade, e os rincóns, nos que podemos realizar diferentes actividades en pequenos grupos en función das actividades que desexemos realizar ou do xogo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material do alumnado
Material de aula
Recursos

Fichas (cada unidade didáctica ten as súas fichas), pegatinas, troquelados, contos, Cd para as familias, mascota, láminas, láminas de hábitos, bits, recursos dixitais, pizarra dixital, proxector, puzzles, xogos, tarxetas de pictogramas, carteis de números e material de carácter xeral: pintura de dedos, ceras, lápis, tesoiras, pegamentos, papel de seda, papel celofán, cartolinas, papel charol, plastilina, materiais de refugallo, disfraces, etc...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial farase a través da observación e interacción có alumnado, para proporcionarnos o punto de partida de cada alumno; así coma os coñecementos previos que teñen e as súas características persoais; que nos permitirán coñecer ás diferenzas e a metodoloxía adecuada a empregar; para poder adaptar o proceso ao ritmo das aprendizaxes individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua por unidades, que se levará a cabo mediante a observación na consecución do alumnado cos indicadores de logro; o que nos permite realizar un seguimento constante do alumnado, observando e valorando os seus progresos e as súas dificultades, coa finalidade de axustar a intervención as necesidades individuais.

Criterios de recuperación:

Terán que acadar uns mínimos, estará baseado na observación e indicadores de logro

6. Medidas de atención á diversidade

Co obxectivo de dar resposta as necesidades educativas dos nosos alumnos e alumnas e atender aos distintos ritmos de aprendizaxe, faremos uso de fichas adaptadas que están na material dixital e propias e que están especialmente deseñadas para adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe a cada momento e contexto. Así como apoio se fose necesario por parte do persoal de apoio ou complementario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Xestión emocional	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X				
ET.3 - Manifestacións da comunicación e da linguaxe	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Convivencia e relacións sociais	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Imaxe positiva, equilibrada	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Características físicas e sociais do medio no que viven	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais a traballar nesta programación, serán os mencionados anteriormente. Nalgúns casos traballaranse ao longo do curso para que teña un carácter progresivo e contínuo. Noutros casos, traballaranse sobre todo ao comezo do curso como é o caso dos hábitos diarios e control corporal e pautas para a convivencia e relación social; e outras serán continuas ao longo do ano.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Como somos	A partir dun conto, realizarase unha asemblea na que se fala de como é cada un e como nos vemos a nós mesmos; facendo hincapé na propia imaxe positiva dos nenos.	X		
O monstro das cores. Varias actividades	A partir do conto do monstro das cores, traballaranse as diferentes emocións e a xestión das mesmas; tamén se porán vídeos cos que traballaremos,. Realizaremos diferentes debuxos en función da emoción que esteamos a traballar en cada momentos. Esta actividade realizarase varias veces para traballar cada emoción en cada actividade.	X	X	X
Nos podemos	Será unha actividade a longo prazo. Realizarase na asemblea, para motivar aos nenos na comunicación e na expresión así como a importancia dos hábitos diarios.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A nosa saúde, o primeiro	Serán varias actividades ao longo do curso, na que avanzarán progresivamente nos hábitos saudables, comezando por recoñecer as accións saudables e as que non o son, para seguir cos hábitos saudables, a alimentación, etc.	X	X	X
Qué temos arredor?	Será unha actividade que se realizara ao longo de todo o curso, nela traballaremos no descubrimento das características da nosa contorna, tanto no medio natural, animal coma no social. E nas relacións que se establecen cos distintos medios e as características dos mesmos.	X	X	X

Observacións:

Para traballar os elementos transversais como o progresivo desenvolvemento afectivo, á xestión das emocións, os hábitos diarios e as pautas de convivencia e relación social; así como a propia imaxe positiva, equilibrada e igualitaria, realizaranse varias actividades, as cales serán ao longo de todo o curso para favorecer o desenvolvemento de ditas habilidades e hábitos diarios.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a programación de aula de xeito coherente e meditada
Metodoloxía empregada
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveito e creo recursos para apoiar o aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Adapto as actividades a diversidade da aula
Clima de traballo na aula
Animo á participación dos alumnos na aula
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomento e participo na coordinación coas familias e co equipo docente

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente cunhas rúbricas de avaliación de diferentes ítems. Estas rúbricas pretenden ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar estas rúbricas debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Proporcionaremos elementos de autoavaliación que impliquen aos alumnos no proceso e faremos unha avaliación da nosa práctica docente; que enriquecerá e porá en valor as nosas funcións, cambiando as actuacións que resulten menos efectivas e buscando mellorar; tendo en conta os resultados obtidos tanto ao noso ver como no resultado da consecución dos indicadores de logro do noso alumnado e da posta en práctica de todas as actividades e metodoloxías empregadas.

9. Outros apartados